



Galicia

Comisión Executiva

Adherida á CSI e á CES

Comunicado de Prensa

A contratación a tempo parcial segue a ter rostro de muller, 20 puntos por enriba da rexistrada no caso dos homes

UGT-Galicia advirte que no 2009 rómpese a tendencia dos últimos anos e a taxa de emprego entre as mulleres comeza a diminuír

Santiago, 1 de marzo de 2010. Con motivo da celebración o vindeiro luns do Día internacional da muller traballadora, 8 de marzo, UGT-Galicia presenta un estudo sobre o mercado laboral feminino en Galicia do que o Sindicato resalta un dato especialmente negativo e preocupante, tras anos de continuado crecemento, acadando un máximo no 2008, no 2009 rómpese a tendencia e a taxa de emprego feminino diminúe, pasando do 42,3 por cento ao 41,9 por cento.

A pesar de que si é certo que en moitas variables a situación da muller no mercado laboral foi mellorando nos últimos anos, non se pode obviar que as diferenzas entre homes e mulleres persisten, polo que é necesario seguir traballando e poñendo enriba da mesa medidas eficaces para eliminar estas diferenzas.

A crise económica está a causar fortes dificultades no mercado laboral, tanto entre os homes como entre as mulleres, cun forte crecemento do desemprego e a caída da ocupación. Así, o desemprego medra no 2009 en 30.100 homes e 21.100 mulleres.

No 2009 das 522.700 mulleres ocupadas case a quinta parte, 101.000, o están a tempo parcial. Ademais, esta modalidade de emprego é a que menos se modificou a causa da crise, cunha caída só de 700 ocupadas. Dende UGT-Galicia quérese aclarar que o traballo a tempo parcial en si mesmo non é prexudicial pero o perigo é que esconda un xeito diferente de emprego con menos dereitos e protección e que a súa perpetuación no tempo signifique falla de seguridade no emprego e de dereitos futuros.

A contratación rexistrada tamén amosa o crecente protagonismo do tempo parcial, de feito, no 2009 do total da contratación rexistrada entre as mulleres un 37 por cento foi a tempo parcial, o que contrasta co 17 por cento dos homes.

No relativo ás taxas de actividade, estas tamén son inferiores no caso das mulleres. No caso das mulleres sitúase no 48,5 por cento e nun 62,5 por cento no caso dos homes. As taxas de ocupación tamén amosan diferenzas, do 41,9 por cento no caso das mulleres, fronte ao 55,2 por cento no caso dos homes.

A temporalidade tamén afecta en maior grado ás mulleres, cunha taxa do 29,2 por cento, fronte ao 24,6 por cento dos homes.

E, a pesar de que o número de activas é menor, a taxa de paro feminina é superior á masculina, un 13,57 por cento, fronte a un 11,76 por cento entre os homes.

PERSISTEN A SEGREGACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL

A pesar da importante presenza da muller no mercado laboral, non desaparecen nin a segregación horizontal nin a vertical. No primeiro dos casos, segue a existir a concentración das mulleres nuns sectores de actividade moi determinados, o 68 por cento das mullers ocúpense en tres sectores fronte á maior dispersión no caso masculino.

En canto á segregación vertical, as mulleres, a pesar de posuír a mesma formación e experiencia, prefírese contratar a homes para postos de dirección.

Aínda que as diferenzas constátanse a nivel de todo o Estado e a muller segue a estar en peores condicións que os homes no mercado laboral, en Galicia a ocupación caracterízase por dous feitos, ten unha das dimensións máis acusadas de todo o Estado do sector primario e tamén ser maioritaria no sector servizos. Hai que lembrar que este último é o que presenta maior nivel de contratación eventual, maior rotación e cunha alta porcentaxe de contratos a tempo parcial.

Ademais, todos os esforzos para incorporar ás mulleres a sectores nos que están infrarrepresentadas, víronse freados pola actual situación de crise. De feito, a ocupación feminina tan só medrou nos sectores relacionados coa educación, sanidade, administración pública e servizos sociais, crecemento este último debido a coidados á dependencia, é dicir, sectores feminizados.

O SECTOR PRIVADO SEGUE A SER REACIO A CONTRATAR MULLERES

Á vista dos datos tamén se constata que o sector privado segue a ser reacio a contratar mulleres. Mentres neste traballan 81.500 mulleres menos que homes, no público esta tendencia muda e traballan 18.200 mulleres máis. Non obstante, non se pode obviar que a temporalidade no caso do emprego público afecta máis ás mulleres, cun 32,6 por cento, fronte ao 20,8 por cento.

O desemprego de longa duración tamén se ceba coas mulleres galegas, afectando ao 40,9 por cento das mulleres, mentres que no caso dos homes é do 32,5 por cento. En termos absolutos hai 33.600 paradas de longa duración, fronte a 27.200. Este dato é moi preocupante porque pode levar parellas situacións de risco de exclusión social.

No ano 2009 tan só a ocupación feminina foi a que tivo un comportamento menos negativo que a dos homes. Non obstante, hai que sinalar que un 79,1 por cento de toda a ocupación a tempo parcial é feminina e a isto hai que engadirle que de toda a ocupación a tempo parcial que manifesta preferir traballar a xornada completa, o 78,3 por cento son mulleres.

Incidindo nas diferenzas entre homes e mulleres no mercado laboral, hai un dato a resaltar, que o 97,5 por cento das xornadas a tempo parcial realizadas para o coidado de rapaces, enfermos adultos, incapacitados ou maiores corresponden en Galicia a mulleres.

Outro dato que ano tras ano hai que destacar é o referido ás diferenzas salariais que en Galicia acadan o 25,5 por cento. Isto tradúcese no futuro en prestacións por desemprego menores entre as mulleres, un 12,7 por cento menos, e pensións un 26,6 por cento máis baixas.

UGT-Galicia insiste en que a negociación colectiva é unha boa ferramenta para loitar contra a discriminación salarial, hai que reivindicar cláusulas que regulen a igualdade retributiva e a adopción de medidas para detectar e corrixir as posibles diferenzas ou desigualdades.

EN MOITOS CASOS AS RESPONSABILIDADES FAMILIARES ACTÚAN COMO UN LASTRE PARA A INCORPORACIÓN E PERMANENCIA DA MULLER NO MUNDO LABORAL

Hai outro ámbito da vida, o familiar, que tamén condiciona estas diferenzas. Aínda que a incorporación da muller ao traballo segue medrando, as responsabilidades familiares que tradicionalmente se lle adxudican seguen actuando como un lastre que dificulta o feito de acceder e permanecer nun emprego. Por exemplo, a maternidade, de xeito encuberto, é utilizada para modificar as condicións de traballo das mulleres. Un dato curioso pero moi significativo, dos permisos de maternidade durante o 2008 en Galicia tan só un 1,6 por cento foron compartidos co outro proxenitor.

O mesmo sucede coas excedencias por coidado de fillos, tan só un 6,29 por cento foron asumidas por homes e o 72,2 por cento do total de persoas que coidan dependentes son mulleres.

É evidente que a conciliación da vida laboral e persoal das mulleres para que sexa efectiva ten que superar aínda moitas trabas.

Para UGT-Galicia, para conseguir igualdade real, tense que avanzar na conciliación da vida laboral e persoal, na igualdade salarial, na superación da segregación vertical e horizontal no mercado laboral, incrementar a representación das mulleres nos postos de decisión... e todo isto contribuirá a reducir o déficit en materia de igualdade e a conseguir unha sociedade máis xusta e cohesionada.

NOTA: NOS ENVÍOS POR CORREO ELECTRÓNICO ADXÚNTASE O ESTUDO COMPLETO E TAMÉN ESTARÁ COLGADO DA PÁXINA WEB DE UGT-GALICIA (www.ugtgalicia.org)

A VOCEIRA DESTE TEMA É A SECRETARIA DE SERVIZOS SOCIAIS E POLÍTICAS DE IGUALDADE DE UGT-GALICIA, CARMEN BREA. TELÉFONO: 661543597.